

# OBRADOIRO DE LITERATURA

## CPI A Gudiña

Maio de 2008

Alumnos e alumnas de varios cursos de ESO.

## DATAS DE CELEBRACIÓN

O Obradoiro tivo lugar no CPI Laureano Prieto de A Gudiña os días 19, 20, 21, 22 e 23 de maio de 2008 en sesión de dúas horas diarias coa asistencia de todos os alumnos inscritos (23).

## OBXECTIVOS XERAIS

1. Adquirir ou recuperar o pracer da escritura como expresión e comunicación de índole eminentemente artística.
2. Descubrimento dos propios pareceres diante da mensaxe literaria e análise comparativa co punto de vista dos demais. Escribir, compartir o escrito, discutir.
3. Canalizar a creatividade a través da escritura.
4. Experimentar coa linguaxe e os seus límites para expresar as propias ideas, sensacións, sentimentos ou emotividade.
5. Desenvolver a capacidade para detectar as imprecisións do texto e obtención de recursos para mellorar a nosa escrita.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS. RELATO

1. Narrar diversos textos literarios: diálogos, descrições, retratos, espazos, tempos...
2. Coñecer as esixencias básicas do conto como xénero
3. Descubrimento da estruturación simple de calquera narración breve.

## METODOLOXÍA

1. Traballo en pequenos grupos con propostas de escritura en períodos frecuentes.
2. Participación activa dos componentes do grupo sobre as posibilidades de elaboración de diferentes textos narrativos.
3. Discusión sobre as poéticas de diferentes escritores.
4. Exposición teórica con acompañamento de textos.
5. Lectura das propostas dos alumnos.

## CONTIDOS

1. Introducción á estrutura da narración
2. A creación de conflitos e a construción de personaxes.
3. Elaboración de contos, retratos, descrições, columnas periodísticas.
4. A elección do argumento.
5. Lecturas recomendadas

*Xosé Carlos Caneiro*  
*Verín 6 de xuño de 2008*